

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: JOAQUINA GALLEGO JORRETO
CURSO: 1º E 2º DE PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS SOLCIAIS
DEPARTAMENTO: CIENCIAS SOCIAIS
DATA: 09-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles /curso 2º

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación
B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación
	CSB3.7.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos
B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
Reforzo e repaso do 1º trimestre.	Repaso sobre a localidade e as paisaxes naturais e humanas.
Reforzo e repaso do 2º trimestre.	Repaso sobre a auga, o aire, a paisaxe de interior e de costa, rochas e minerais, a terra, o sistema solar, os medios de transporte e a educación viaria.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diarias e semanais • Fichas avaliativas. • Se é posible de xeito oral por conexión telemática ou similar.
	Instrumentos: Aula virtual, seguimento das tarefas propostas. Entrega dos traballos en tempo polos medios previstos ou por outros alternativos propostos e de acordo co mestre de área.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Primeiro e segundo trimestre avaliados con respecto o traballo presencial. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede na presente etapa. No mes de setembro reaxustaranse as programacións atendendo aos aspectos pendentes do presente curso
Atención á diversidade	Dende o Departamento de Orientación propónse a elaboración dunha addenda ao Plan e Orientación por parte do Especialista en PT e AL, logo dunha posta en común e de acordo co profesorado e titoras.
	Procedementos : <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diarias e semanais adaptadas • Fichas de reforzo. • Adaptación dos materiais comúns se fose preciso e do nivel e cantidade segundo cada caso. • Se é posible, de xeito oral por conexión telemática ou similar, farase un seguimento por parte do especialista

As programacións didácticas para o curso 2020/2021 terán en conta as adaptacións realizadas na programación deste terceiro trimestre coa finalidade de que o alumnado poida progresar a partir das aprendizaxes anteriores.

Polo tanto, e unha vez realizada a correspondente avaliación inicial, retómanse os aspectos que puideran quedar pendentes no presente trimestre, e que consideremos imprescindibles para dar comezo coa programación do citado curso 2020/2021.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Proposta, como ate o de agora, de actividades semanais indicando a temporalización que se considera máis axeitada ás circunstancias actuais.</p> <p>Achegamento de enlaces con vídeos explicativos axeitados e proposta de actividades relacionadas online.</p> <p>Tarefas para ser cumprimentadas e entregadas empregando a Aula Virtual coa que levamos traballando dende mediados de marzo.</p> <p>Resolución de algunha pequena proba plantexada, de xeito sinxelo, na propia plataforma.</p> <p>Videoconferencias tanto para pequenas explicacións como para algunha dúbida en concreto, empregando a aplicación Cisco Webex, a app móbil proposta pola consellería ou, de ser complicado para eles, empregarse algunha comercial coa que xa están familiarizados ou a propia liña telefónica.</p> <p>Achega de algunha tarefa máis complexa empregando o correo electrónico</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Os materiais da proposta de actividades serán facilitados as familias dende o propio Concello en formato impreso que a familia previamente pode solicitar e de non ser posible pasar a recollelo, eles mesmos llo achegarán aos domicilios.</p> <p>En principio e segundo os datos que nos constan, tódalas familias do alumnado dispoñen de conexión a internet, inda que sexa unha pequena liña de datos que lle permitiría a resolución dunha proba sinxela de xeito individual empregando un dispositivo móbil.</p> <p>Videoconferencias empregando a app móbil proposta pola consellería ou, de ser complicado para eles, empregarse algunha comercial coa que xa están familiarizados ou a propia liña telefónica</p> <p>En casos puntuais tamén se poderá intentar trasladar a proba en formato impreso</p>
Materiais e recursos	<p>Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de ciencias sociais:</p> <ul style="list-style-type: none">•Libro do alumno.•Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo e actividades de ampliación.•Cadernos ou fichas complementarios.•Recursos dixitais: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<input type="checkbox"/> Páxina web do centro <input type="checkbox"/> Espazo Abalar/ abalarMóbil <input type="checkbox"/> Aula Virtual <input type="checkbox"/> Teléfono e Mensaxería instantánea. <input type="checkbox"/> Correo electrónico <input type="checkbox"/> Videoconferencia Webex ou se presenta dificultade outras máis populares e sinxelas.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinagallegojorreto publicación obrigatoria na páxina web do centro.